

Organizan:

Departamento de Percusión.

Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.



PERCUOLIMPIADAS

2018



www.conservatoriosantiago.gal

Curso 2017-18



17 e 19 de abril

Prazo de inscrición ata 13 abril

Alumnado de percusión do
CMUS de Santiago de Compostela

BASES

Dende o Departamento de Percusión do CMUS de Santiago de Compostela queremos impulsar as segundas Percuolimpiadas ca finalidade de que o alumnado participe nunha actividade que pretende trasladar o traballo da aula a unha situación real de unha proba ou audición como solista.

QUEN PODE PARTICIPAR

As Percuolimpiadas van dirixidas a TODO o alumnado de percusión do CMUS de Santiago de Compostela, sen límite de curso ou idade.

Establécense tres categorías:

- A) Grao Elemental
- B) De 1º a 3º de Grao Profesional
- C) De 4º a 6º de Grao Profesional

REQUISITOS

Tod@s @s participantes deberán presentar un programa de tres pezas. Dúas delas deberán ser obrigatoriamente de caixa e láminas, respectivamente. A terceira peza será libre, podendo escoller calquera instrumento.

*Unha das tres pezas deberá ser interpretada de memoria.

A duración das tres pezas (ou movementos) non deberá exceder os 15 minutos, en total.

Cada participante deberá entregar ao xurado dúas copias do repertorio que interpretará.

XURADO

Para a primeira ronda, o xurado estará composto polos tres profesores de percusión do centro, podendo ser substituído calquera deles, no caso de ausencia, por outro profesor do centro, elixido polo departamento de Percusión.

Na ronda final, o xurado será de cinco persoas, incorporando dous percusionistas de fóra da comunidade musical do CMUS, podendo ser profesores doutros centros ou percusionistas dalgunha agrupación musical da cidade.

* A decisión do xurado será inapelable.

INSCRICIÓN ONLINE

A inscrición realizarase na páxina web do conservatorio:

www.conservatoriosantiago.gal

O prazo inscrición rematará o venres 13 de abril de 2018.

PRAZOS DE INTERESE

1ª Ronda:

Grao Elemental: Martes 17 de abril de 2018, de 18h a 19h, no Auditorio do CMUS.

Grao Profesional: Martes 17 de abril de 2018, de 19h a 21h no Auditorio do CMUS

Ronda Final:

TOD@S: Xoves 19 de abril de 2018, no Auditorio do CMUS (Hora por confirmar)

* O xurado publicará despois da primeira ronda, na Aula de Percusión, unha listaxe cos finalistas que tocarán na ronda final.

PREMIOS

Haberá un gañador por categoría. O premio físico consistirá nun pequeno agasallo de material de percusión. Ademais, @s tres finalistas terán a oportunidade de participar coma solistas nun concerto de percusión no que cada un cubrirá unha parte do programa, que rondará os 15 minutos e será determinado entre o/a profesor/a e a/o alumna/o